



Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Xoio

Xoio. Sollo. Soio. Enfermidade das reses de la cando as trava un lobo ou outra fera.

En Fumiñá, concello da Pastoriza (Lugo), para curar o soio fan nove cruces sobre o animal afectado, dicindo, ao facer a primeira raia da cruz: □Sácoche o xoio...□, e ao facer a segunda din: □...e métoche o folgo□

Hai lugares onde se denomina da mesma maneira a ferida provocada por dentada, e mesmo por unha pedrada, nunha persoa.

BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.